



ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE NAIS, PAIS E TITORES LEGAIS AO CONSELLO ESCOLAR CONVOCATORIA

De acordo coa Resolución do 19 de setembro de 2022, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros de educación non universitaria (DOG do 29 de setembro de 2021), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE PAIS E NAIS DO ALUMNADO**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **3 pais/nais**, dun total de 5 que debe ter o Consello Escolar. Ata este curso estaban ocupados 4 prazas. Rematan o seu período as 2 persoas elixidas no 2018 e mantense a representante de pais elixidos na elección anterior no ano 2021 ata fin de mandato (neste caso era por tres cursos polo adiamento da convocatoria de 2020 por mor da pandemia); e a outra representante é designada pola ANPA. Como indica a resolución son elixibles por un período de tres anos xa que correspondía a renovación o curso anterior e adíuse pola situación de pandemia.
2. Son electores todos os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais do alumnado matriculado no Centro e incluídos no **Censo** correspondente que **a partir do día 10** está exposto no **taboleiro de anuncios**. As **reclamacións** ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as 14:00 horas do día **17 de novembro**.
3. Son elixibles os pais e nais ou, se é o caso, os titores legais, que formulen a súa **candidatura** oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Colexio e na páxina web do centro. As candidaturas poderán ser presentadas desde o **día 11 de novembro ata as 18:00 horas do día 18 de novembro**.
4. O **sorteo dos membros da mesa electoral** realizarase en acto público, entre os pais que non se presenten como candidatos, o día **22 de novembro, ás 11:35 horas**. Dita mesa electoral estará composta pola Dirección do Centro, que exercerá a presidencia, e catro pais/nais ou titores legais, actuando de secretario o de menor idade.
5. **A campaña electoral comprenderá dende o 21 ao 26 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos, previa petición ao presidente da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do Colexio. O día 27 de novembro, véspera das votacións, non se poderá facer campaña electoral.
6. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores legais dos alumnos matriculados no Centro que sexan propostos pola ANPA ou, no seu defecto, que estean avalados cando menos pola firma de 10 electores.
7. As **votacións** realizaranse neste Colexio o **día 28 de novembro, desde as 15:45 ata as 18:30 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 15:30 horas.
8. Na papeleta de votación cada elector fará constar un máximo **2 nomes** dos candidatos presentados, debendo acreditar a súa personalidade a hora de votar, mediante exhibición do D.N.I. ou documento similar. O voto será directo, secreto e non delegable e non se admitirá o voto por correo.
9. Teñen dereito ao voto o pai e a nai ou, se é o caso, o titor legal do alumnado.
10. Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.
11. A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

A Pobra do Caramiñal, 10 de novembro de 2022
Presidente da xunta electoral

Asdo.: José Delgado Marco

